

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE CENLLE

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS, DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS E LIMPEZA DE PARCELAS URBANAS

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal de prevención de incendios, distancias das plantacións e limpeza de parcelas urbanas do Concello de Cenlle

O Concello de Cenlle, na sesión realizada o 20 de marzo de 2024, aprobou inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da prevención de incendios no Concello de Cenlle.

No Boletín Oficial da Provincia de Ourense n.º 61, do 26 de marzo de 2024, someteuse a información pública polo prazo de trinta días hábiles, a ordenanza inicialmente aprobada.

Ao non se presentar reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda aprobado definitivamente o acordo plenario inicial, que aproba a “Ordenanza municipal de prevención de incendios, distancias das plantacións e limpeza de parcelas urbanas do Concello de Cenlle”, cuxo texto íntegro se publica, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases do réxime local.

Ordenanza municipal de prevención de incendios, distancias das plantacións e limpeza de parcelas urbanas do Concello de Cenlle

Exposición de motivos

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora do réxime local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Concello de Cenlle por medio da presente ordenanza propónse regular a limpeza de terreos e, no ámbito das súas competencias, a distancia das plantacións e a xestión da biomasa forestal, co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade e de previr e evitar os incendios forestais.

Ao mesmo tempo trátase de protexer as infraestruturas e equipamentos, as zonas edificadas e as áreas forestais e naturais de valor especial.

Así mesmo, a ordenanza establece a obriga de facer comunicación e/ou solicitar permisos, para realizar actividades lúdicas, deportivas e recreativas en espazos públicos que poidan supoñer un risco de incendio.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Fundamento

A presente ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia así como os criterios que se establecen na Orde do 31 de xullo de 2007, para a xestión de biomasa vexetal, e tamén na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia.



Artigo 2. Finalidade

Esta ordenanza ten natureza non fiscal, e a súa finalidade é establecer as condicións para levar adiante a xestión da biomasa e a fixación das distancias para plantacións nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables delimitados sitos no termo municipal de Cenlle, co obxectivo final de establecer as condicións preventivas necesarias para que non se produzan incendios forestais.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

A presente ordenanza é de obrigado cumprimento para as persoas responsables conforme ao definido no artigo 4, que teñan os seus terreos dentro do termo municipal de Cenlle.

Conforme ao disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, a presente ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola lexislación básica.

Artigo 4. Persoas responsables

Para os efectos desta ordenanza, entenderanse como persoas responsables ás persoas titulares ou no seu caso aos titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos urbanos, urbanizables delimitados e de núcleo rural, así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica, sobre os tipos de solo referidos anteriormente.

5. Definicións

Para os efectos desta ordenanza, defínense os seguintes termos:

Solo urbano: terreos que, o planeamento urbanístico (Plan Xeral de Ordenación Municipal), tivéraos definidos e clasificados como tales en virtude do disposto no artigo 16 da Lei 2/2016.

Núcleos rurais: terreos que se inclúan dentro dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 2/2016.

Solo urbanizable delimitado: terreos que, non tendo a condición de solo urbano, de núcleo rural nin de solo rústico, o planeamento urbanístico os tivera definidos e clasificados como tales ao poder ser obxecto de transformación urbanística nos termos fixados no artigo 27 da Lei 2/2016.

Repoboación forestal: introdución de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación.

Especie forestal: especie arbórea, arbustiva, de matogueira ou herbácea que non é característica de forma exclusiva do cultivo agrícola.

Xestión de biomasa: a creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendables e coa intensidade e frecuencia para o cumprimento do obxecto previsto nesta ordenanza. Tendo en conta que os terreos situados en solo urbano, de





núcleo rural ou urbanizable teñen unha natureza residencial ou habitacional, polo que os riscos para os bens e as persoas, por motivos de incendios de vexetación, deben minorarse drasticamente e primar a seguridade.

Capítulo II. Da xestión da biomasa

Artigo 6. Xestión da biomasa

As persoas terán a obriga de xestionar a biomasa das fincas incluídas en solo urbano, urbanizable delimitado ou de núcleo rural conforme aos criterios establecidos nesta ordenanza, así como mantelas nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder á súa desinfección e desratización periódica.

Artigo 7. Criterios de xestión da biomasa

1. Consonte ao disposto na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos situados en solo urbano, urbanizable delimitado ou núcleo rural deberán acometer os criterios de xestión da biomasa establecidos neste artigo para cada clase de terreo.

2. Nos terreos clasificados como solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado, as persoas responsables deberán facer a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme aos seguintes criterios establecidos na Orde do 31 de xullo de 2007.

En todo caso:

a) Roza para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo sempre que supoña un mínimo risco para a propagación dos incendios incontrolados da vexetación, sendo a altura máxima da vexetación, arbustiva e herbácea, a que conta no cadro adxunto, variando en función da porcentaxe da cobertura do solo.

% do solo arbóreo cuberto	Altura máxima da vexetación (cm)
<20	100
20 a 50	40
>50	20

b) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha discontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre os estratos herbáceo e arbustivo. A distancia entre plantas será, como mínimo, de 7 metros e mantendo as copas tanxentes. A poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que atinxa os 11,4 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros tirando por encima do solo. Este criterio non será aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.



3. Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros:

a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado.

b) Arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

c) Arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Ademais, nesa mesma faixa de protección de 50 metros no poderán estar as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, que se recollen no anexo I desta ordenanza. As distancias mediranse desde o límite das instalacións. No caso de cámpings, gasolineiras e industrias nas que se desenvolvan actividades perigosas consonte ao establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, a distancia para as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, será de 50 metros, desde o límite das instalacións.

No caso dos cámpings, esta distancia medirase desde o peche perimetral.

4. Tal e como establece a disposición transitoria terceira da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais, no caso de non estar definidas as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, serán directamente aplicables as obrigas derivadas do disposto no artigo 21 da lei, descritas no punto 3 deste artigo.

Artigo 8. Procedemento execución subsidiaria

- No suposto de incumprimento do establecido no número anterior, a administración pública competente, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviaralle á persoa responsable unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, contados desde a recepción da comunicación, no caso ser necesaria autorización de organismos distintos do Concello para executar os traballos obrigatorios da xestión da biomasa, suspenderase o prazo concedido no apercibimento, dende que o Concello teña constancia de que o interesado presentou a solicitude de autorización ata que a corta sexa autorizada polo órgano competente.

Artigo 9. Execución subsidiaria

Se as persoas responsables non realizasen os traballos de xestión da biomasa nos prazos fixados polo Concello, este poderá levar adiante os mesmos, logo do previo apercibimento en forma e sen prexuízo da imposición, previa á tramitación do oportuno expediente, das sancións procedentes.



Os custos derivados deses traballos serán repercutidos, se é o caso, as persoas responsables, procedendo, de ser o caso, ao cobramento dos gastos que se ocasionen ao Concello a través do procedemento de prema.

Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas prohibidas, a administración poderá como medida cautelar, comisar as indicadas especies. O destino das especies obxecto de comiso será o seu alleamento, o cal será efectuado, nos termos regulados na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

No caso de que os custos acumulados da execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa que a administración asumise con cargo ao seu orzamento, e que non lle poida repercutir a aquela por descoñecerse a súa identidade, superen o valor catastral da parcela poderá ser causa de expropiación forzosa por interese social. A administración que asumise ese custo con cargo ao seu orzamento terá a condición de beneficiaria da expropiación forzosa e compensará, no momento do aboamento do prezo xusto expropiatorio, as cantidades debidas pola persoa propietaria por este concepto, sempre que non teñan prescrito os correspondentes dereitos de cobramento a favor da Facenda pública.

Capítulo III

Das distancias das plantacións

Artigo 10. Prohibicións e distancias das repoboacións forestais e plantacións

1. De conformidade co disposto na Lei 7/2012, de montes, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable e de núcleo rural e nos terreos urbanizables aos que de acordo coa disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia se lles aplique o disposto nesta lei para o solo rústico.

2. No seu caso, as repoboacións forestais preexistentes antes da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes deberán adecuarse para gardar, respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos e instalacións industriais, a distancia mínima de 15 metros cando se trate de especies frondosas (anexo II desta ordenanza) e de 50 metros no resto de especies, tal e como establece a Lei 7/2012, de montes de Galicia. No caso de existir dúbidas sobre a existencia dunha edificación para a aplicación deste artigo, a administración poderá solicitar certificado de empadramento ou recibo dalgún dos tributos municipais para a súa verificación.

3. Nos supostos de plantacións de árbores froiteiras, sebes ou árbores ornamentais as distancias serán as fixadas na correspondente ordenanza urbanística.

4. Camiños públicos: os/as propietarios/as de terreos lindeiros con camiños públicos ou vías urbanas, deberán manter libres de maleza ou árbores o espazo de dous metros medidos horizontalmente dende a marxe da vía de acordo co establecido na Lei de montes. Terase en conta a relación de especies establecidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención de defensa contra os incendios forestais de Galicia, ademais en calquera plantación que dea orixe a que o seu arborado sobrevoe ou irrompa coas raíces en camiños públicos e vías urbanas, os propietarios deberán adoptar as medidas que impidan tales ocupacións, tanto do solo como do subsolo e do espazo aéreo, incluídos as árbores illadas.



No caso de incumprimento de distancia a vías por biomasa non permitida, poderá aplicarse o procedemento que establece a Lei de montes (Cap. VII) para a execución subsidiaria por parte da Administración.

Artigo 11. Licenzas e permisos para talas

1. As talas e os abatementos de árbores que constitúan masa arbórea, espazo boscoso, arboredo ou parque en solo urbano, núcleo rural e urbanizable delimitado estarán suxeitas á obtención da previa licenza municipal por parte deste Concello.

2. Así mesmo segundo o establecido na disposición transitoria 5.^a da Lei 7/2012, de montes, o aproveitamento das masas forestais existentes no momento da entrada en vigor da Lei 7/2012 en solos urbanizables delimitados estará sometido ao réxime de autorizacións da citada lei ata o desenvolvemento urbanístico dos citados solos, momento en que precisarán da licenza municipal descrita no punto 1 deste artigo.

Artigo 12. Comunicacions previas de uso do lume

1. A maiores da obriga da comunicación de queima de restos agrícolas amoreados ante o departamento correspondente da Xunta de Galicia, deberánse comunicar ao Concello con dous días de antelación como mínimo, as actividades lúdicas, festivas e recreativas que impliquen o uso do lume en espazos públicos. Preferentemente as celebracións tipo barbacoa serán realizadas nos espazos habilitados para este efecto.

2. O Concello poderá prohibir a realización de lume nestas actividades, se considera que comportan un risco elevado de incendio.

Artigo 13. Actividades que precisan de permiso municipal

As seguintes actividades precisan autorización e deberán presentar a solicitude de permiso ante o Concello de Cenlle, cunha antelación mínima de 48 horas, computadas en días hábiles. O permiso será concedido ou denegado en función da situación de risco de incendios. A solicitude deberá efectualala o responsable da organización da actividade; na mesma deberá constar a identificación do organizador, as características, datas e horarios das actividades.

1. A utilización de artefactos pirotécnicos, tales como tiradas de fogos de artificio, petardos, tracas ou similares, en calquera tipo de celebración popular.

2. A realización de eventos deportivos en zona forestal, tales como carreiras pedestres ou en bicicleta, andainas, rallys ou eventos similares, que pola súa necesidade organizativa utilicen algún tipo de vehículo a motor ou algunha maquinaria susceptible de presentar risco de incendio.

Capítulo V. Réxime sancionador

Artigo 14. Competencia

Correspóndelle ao Concello de Cenlle, a través da Alcaldía ou concelleiro/a que teña delegadas as competencias de medio rural e/ou ambiente, a inspección e sanción das infraccións, previa á instrución do correspondente expediente, das obrigas reguladas nesta ordenanza. Cando se detecten



infraccións de índole penal ou de competencia doutras administracións, darase conta inmediata das mesmas á autoridade ou organismo que corresponda.

Artigo 15. Clasificación das infraccións

Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta ordenanza, os actos u omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 16. Infraccións leves

a) Constitúe infracción leve as condutas constitutivas de infracción reguladas nesta ordenanza cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.

b) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios regulados nesta ordenanza.

Artigo 17. Infraccións graves

a) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios establecidos nesta ordenanza, unha vez notificada a súa obriga e despois de serlle notificada a valoración do custo da mesma, cando exista risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.

b) Non permitir o acceso ao persoal de vixilancia á inspección dos terreos.

c) A negativa a subministrar información á autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.

d) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente ordenanza.

e) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.

f) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción leve, cando así fose declarada por resolución firme.

Artigo 18. Infraccións moi graves

a) Cando os danos ocasionados foran irreversibles e tivese grave repercusión nos recursos naturais.

b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme.

c) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes.

Artigo 19. Sancións

As sancións aplicables serán as seguintes:

a) Por infraccións leves, multa dende 100 a 600 euros.

b) Por infraccións graves, multa dende 601 a 1.500 euros.

c) Por infraccións moi graves, multa de 1.501 a 3.000 euros.

As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

a) Grado de intencionalidade.

b) Contía do beneficio obtido.

c) Natureza dos prexuízos causados.



Disposicións adicional

Como anexo I a esta ordenanza inclúese a relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión da biomasa, recollidas da disposición adicional 3,^a da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais e como anexo II a relación de especies de frondosas, recollidas no anexo I da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

Anexo I. Relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión da biomasa: piñeiro galego, piñeiro do país, piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrey, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, queiruga, carqueixa, xesta, carpaza, piorno, fento, silva e toxo.

Anexo II. Relación de especies frondosas: ameneiro, pradairo, bidueiro, freixo, castiñeiro, cerdeira, carballo, cerquiño, sobreira, carballo, albar, aciñeira, abeleira, faia, umeiro, loureiro, sorbeira do monte, capudre, nogueira e érbedo.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas as disposicións municipais que contraveñan o disposto na presente ordenanza.

Disposición derradeira

A modificación da presente ordenanza entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e transcorrido o prazo ao que se refire o art. 65.2 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este acordo poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto e sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cenlle, 13 de maio de 2024. A alcaldesa.

Asdo.: Rebeca Sotelo Fernández.

R. 1.285

